

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR CURSO 2019-2020

Seguindo o disposto na instrución 3/2019 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 7 de xuño de 2019, informamos:

Solicitudes:

Pódense recoller no centro ou na web do colexio as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2019/20. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia ou aquel alumnado que leve escolarizado máis dun ano no colexio.

Documentación que acompaña á solicitude:

1. Autodeclaración (Anexo II), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano. Non o terán que aportar os usuarios escolarizados na Solaina no curso actual.

Non precisan presentar a autodeclaración (con acreditación documental):

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

Número de prazas concedidas: 92

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario do comedor no curso anterior.
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Alumnado membro de familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.
5. Outro alumnado do centro, incluído o escolarizado fóra da área de influencia.
6. Persoal docente e non docente que non colabore nos labores de atención.

Criterios de desempate aprobados en Consello Escolar (con acreditación documental):

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
3. Alumnado con irmáns/ás que solicitan o uso do comedor.
2. Alumnado con irmáns/ás usuarios efectivos de comedor no curso anterior.
4. Orde alfabética coincidente coa correspondente ao proceso de admisión de alumnado deste ano: 1º apelido, letras "E" e "C"; segundo apelido, letras "U" e "P".

Prazos:

Entrega de solicitudes: do 14 de xuño ao 1 de xullo.

Publicación listaxe provisional de admitidos: 3 de xullo.

Reclamacións: do 4 ao 10 de xullo inclusive.

Publicación listaxe definitiva: 12 de xullo.

Narón, 13 de xuño de 2019.

O Director